

ASISTENTES:

Grande Seara, Pablo
Lorenzo Merino, Fernando
Mariño de Andrés, Angel
Martínez Táboas, M^a Teresa

Allegue Agüete, Pilar
Bergareche Gros, Almudena
Bravo Bosch, M^a José
Dávila Millán, Encarna
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Docampo, M^a Belén
García Mosquera, Marta
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Ruíz Hidalgo, Carmen
Tato Plaza, Anxo
Valeije Álvarez, Inma

Martínez Yáñez, Nora

Muleiro Parada, Luis Miguel
Barreiro Carril, Mari Cruz

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a. Nieves

Álvarez Lago, Natalia
Carrera Outón, Fernán
Cordo Gómez, Sara
García Vilas, Silvia

Ás 13:00 horas do día 24 de marzo de 2010, deu comezo no salón de graos da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo unha reunión extraordinaria, en segunda convocatoria, da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1.. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria anterior (achegarase por correo electrónico).

2.. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do presuposto do exercicio do 2009 (achégase por correo electrónico).

3.. Aprobación, se procede, da distribución do orzamento do exercicio do 2010 (achégase por correo electrónico).

Disculpan a súa ausencia a esta Xunta os profesores, Dona M^a Antonia Arias Martínez, Dona Esther González Pillado, Dona Regina Ibañez Paz, e Dona Helena Martínez Hens

1.- No primeiro punto da orde do día, aprobouse por asentimento a acta da reunión extraordinaria precedente do día 6 de xullo do 2009.

2.- No segundo punto da orde do día, o Sr. Decano, procedeu a presentar a memoria económica do ano 2009 achegada por correo electrónico a todo os membros desta Xunta, cedendo a palabra a Dona Margarita Cabaleiro, Xefa de asuntos económicos, que fai un resumen da mesma, decindo que con respecto o ano pasado a memoria contou cunha dotación para as titulacións tradicionais de 259.522,25 €, e con outra para os títulos oficiais de posgraus cunha asignación de 69.510,38 €. Os gastos máis relevantes do Centro foron a iluminacións, instalacións da corrente nas aulas, sistema de traducción simultánea e os aforros acadados utilizáronse para a reparación das portas.

A Profa. Dona Carmen Ruíz Hidalgo manifesta que dentro do capítulo 221.01 adicado a Subministracións de administración califica de excesivas as cifra de 7.729,3 € na partida de Material mantemento, así como o gasto de 4.761,53 na partida de papel hixienico e xabón líquido. Respondendo Dona Margarita que as mesmas obedecen a datos reais. Asemade, no capítulo 228 adicado a conferencias, e en concreto na partida relativa a outras conferencias por importe de 2.722,8 € desexa saber qué criterios foron seguidos para levar a cabo este reparto e roga que se lle dé a debida publicidade para que queira poida solicitalo. Ao que lle responde o Sr. Decano decindo que as mesmas foron postas en coñecemento dos coordinadores das áreas e foron solicitadas polos profesores. Procedemento confirmado pola profesora Dona Encarna Dávila, quen recorda a recepción de dita comunicación.

Asemesmo, Dona Carmen manifesta que os 9.420,36 € correspondentes o plano de calidade docente dentro do capítulo 22, foron destinados na súa totalidade a instalacións de tomas de corrente para portátiles nas aulas C1 e C2, e estima que poderían ser destinados a cursos de formación do profesorado, considera que a distribución dos cartos de esa partida deberían ser decididos nunha Xunta de Facultade, e que no futuro sea sometido a decisión deste órgano. Dona Margarita resposta que cree que nos ten porqué ser sometido a aprobación deste órgano.

Despois destas intervencións o Sr. Decano somete a votación a aprobación da memoria económica e liquidación do presuposto do exercicio do 2009 presentados, a cal foi aprobada por asentimento.

No segundo punto da orde do día, presentase o orzamento para o ano 2010 ónde se fai unha previsión dos gastos para o vindeiro ano, tal como aparece reflectido na documentación achegada. De seguido, o Sr. Decano procedeu a someter a votación a distribución do orzamento do exercicio do 2010 da facultade que foi aprobada por asentimento.

Non habendo máis asuntos que tratar, rematou a sesión ás 14.00 hs., do cal, como Secretaria, dou fe.